

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**9336** *Real decreto 773/2014, do 12 de setembro, polo que se aproban diversas normas reguladoras do transvasamento polo acueduto Texo-Segura.*

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, introduciu modificacións significativas na regulación do transvasamento a través do acueduto Texo-Segura que, preservando sempre a preferencia da bacía cedente e respectando as determinacións da súa planificación hidrolóxica, teñen por obxecto mellorar a regulación normativa desta infraestrutura, establecendo unhas regras técnicas obxectivas que eliminen a inseguridade e precariedade antes existente e proporcionen criterios obxectivos e transparentes sobre a forma de operación desta transferencia.

Así, na disposición adicional décimo quinta da Lei 21/2013, do 9 de decembro, establécense as regras de explotación do transvasamento, mantendo substancialmente os conceptos inspiradores das regras aprobadas en 1997 pola Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura, pero modificando a súa natureza xurídica para unha maior seguridade.

O tempo transcorrido desde entón xustifica a necesidade de revisar a regra que, en efecto, é un instrumento útil que obxectiva as decisións de transvasamento, elimina posibles tensións e arbitriedades e debería gozar de maior nivel normativo en beneficio de todos os afectados.

Consciente da necesidade de abordar unha actualización técnica da regra, e seguindo os propios criterios conceptuais de actualización fixados en 1997, a disposición adicional aludida previu que, mantendo a súa estrutura, as magnitudes básicas definitorias da regra poidan ser revisadas mediante real decreto, por proposta xustificada do ministerio competente en materia de augas e logo de informe favorable da Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura.

O obxectivo da modificación, expresamente indicado, é o de proporcionar unha maior estabilidade interanual aos envíos, minimizando a presentación de situacións hidrolóxicas excepcionais a que se refire o nivel 3, sen modificar en ningún caso o máximo anual de auga transvasable nin afectar en nada as subministracións prioritarias e garantidas na bacía do Texo. As magnitudes que se poderán modificar son o volume de existencias e o de achegas acumuladas recollidos no nivel 1, os volumes de transvasamento mensual correspondentes aos niveis 1, 2 e 3 e os volumes de existencias para cada mes correspondentes ao nivel 3.

Así mesmo, a referida disposición adicional décimo quinta ordena que mediante o mesmo real decreto se definan os criterios de predición de achegas para a aplicación da regra en horizontes plurimensuais.

Adicionalmente, a disposición derradeira quinta da citada Lei 21/2013, do 9 de decembro, pola que se modifica o Plan hidrolóxico nacional, pide que, logo de informe da Dirección Xeral da Auga, se definan os valores mensuais dos consumos de referencia de augas transvasadas por usos e zonas de rega na demarcación de destino e as súas porcentaxes admisibles de desviación máxima ocasional, así como os valores mensuais de desencoros de referencia na demarcación de orixe, as súas porcentaxes admisibles de desviación máxima ocasional e cantas circunstancias específicas deban ser consideradas para a súa completa definición. Así mesmo, tamén mediante real decreto, determinaranse a periodicidade da actualización de datos e o seu intervalo temporal, os formatos de presentación, o alcance mínimo dos valores históricos e os datos estatísticos que se deberán incorporar.

Para atender a todo isto, este real decreto consta de cinco artigos, dúas disposicións adicionais e tres disposicións derradeiras. O primeiro artigo aborda as regras de explotación do transvasamento, redactado para maior claridade expositiva de forma concordante co texto legal; o segundo describe o mecanismo de predición de achegas mensuais; o terceiro desenvolve a cuestión dos consumos de referencia por usos e zonas de rega; o cuarto, os desencoros máximos de referencia desde a presa de Bolarque, e o quinto, as características e periodicidade dos informes de seguimento; a disposición adicional primeira asegura o non incremento do gasto público, a segunda o respecto ás asignacións, reservas e caudais ecolóxicos establecidos no Plan hidrolóxico do Texo e, por último, a disposición derradeira primeira pide que o Plan hidrolóxico nacional incorpore entre os seus contidos unha relación descritiva dos transvasamentos actuais e harmonice a regulación das súas transferencias; a disposición derradeira segunda describe os títulos competenciais habilitantes e a derradeira terceira traslada a entrada en vigor da norma ao comezo do ano hidrolóxico, coa finalidade de non interferir nas programacións de transvasamento previamente realizadas correspondentes ao ano hidrolóxico en curso no momento da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

O soporte técnico, do cal se deducen xustificadamente os valores e criterios que se adoptan con esta norma, exponse nunha memoria técnica explicativa elaborada pola Dirección Xeral da Auga e publicada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no seu portal web: [www.magrama.es](http://www.magrama.es)

Atendendo ao previsto na disposición adicional décimo quinta da Lei de avaliación ambiental, esta norma recibiu o informe favorable da Comisión Central de Explotación do Acueduto Texo-Segura, en sesión que tivo lugar o 24 de xuño de 2014. Adicionalmente, de acordo co artigo 20 do Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, recibiu o informe favorable do Consello Nacional da Auga na súa sesión plenaria do 26 de marzo de 2014.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de setembro de 2014,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Regras de explotación do transvasamento Texo-Segura.*

En función das existencias conxuntas nos encoros de Entrepeñas e Buendía a comezos de cada mes, establécense os seguintes niveis mensuais consonte os cales se acordará a realización dos transvasamentos, cun máximo anual total de 650 hm<sup>3</sup> en cada ano hidrolóxico (600 para o Segura e 50 para o Guadiana).

Nivel 1. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan iguais ou maiores que 1.300 hm<sup>3</sup>, ou cando as achegas conxuntas entrantes a estes encoros nos últimos doce meses sexan iguais ou maiores ca 1.200 hm<sup>3</sup>. Neste caso o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 60 hm<sup>3</sup>, ata o máximo anual antes referido.

Nivel 2. Darase cando as existencias conxuntas de Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 1.300 hm<sup>3</sup>, sen chegar aos volumes previstos no nivel 3, e as achegas conxuntas rexistradas nos últimos doce meses sexan inferiores a 1.200 hm<sup>3</sup>. Neste caso o órgano competente autorizará un transvasamento mensual de 38 hm<sup>3</sup>, ata o máximo anual antes referido.

Nivel 3. Darase cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía non superen, a comezos de cada mes, os valores mostrados na táboa (valores en hm<sup>3</sup>):

| Out. | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar. | Abr. | Maio | Xuño | Xul. | Ago. | Set. |
|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| 613  | 609  | 605  | 602  | 597  | 591  | 586  | 645  | 673  | 688  | 661  | 631  |

Neste nivel, denominado como de situación hidrolóxica excepcional, o órgano competente poderá autorizar discrecionalmente e de forma motivada un transvasamento de ata 20 hm<sup>3</sup>/mes.

Nivel 4. Darase esta situación cando as existencias conxuntas en Entrepeñas e Buendía sexan inferiores a 400 hm<sup>3</sup>, caso en que non cabe aprobar ningún transvasamento.

#### Artigo 2. *Predición de achegas mensuais.*

As predicións de achegas futuras levaranse a cabo a comezos do mes que se desexe, considerado inicialmente como o mes actual, unha vez concluído o mes anterior e xa dispoñible ou, na súa falta, estimada con precisión suficiente, a súa achega rexistrada expresada en hm<sup>3</sup>. Para tales efectos, considerarase precisión suficiente aquela que requira estimar como moito 5 valores diarios do mes non rexistrados ou non dispoñibles no momento de realizar a predición. Na falta de estudos específicos de detalle, estes valores diarios poderanse supor iguais á media dos últimos 5 datos diarios rexistrados.

O procedemento para realizar predicións de achegas futuras, para a aplicación plurimensual da regra, será o seguinte:

1.º Fíxanse o mes inicial da predición, ou mes actual, que é o que comeza no momento de realizar a predición, e o mes previo anterior, que é o que acaba de concluír. A achega neste mes previo, expresada en hm<sup>3</sup>, denominarase  $x_p$ .

2.º Extráense os valores  $b$ ,  $a_2$ ,  $a_5$  da táboa incluída neste artigo, correspondentes ao mes actual.

3.º Cálculanse  $x_2 = a_2 \cdot x_p^b$  e  $x_5 = a_5 \cdot x_p^b$

4.º Adóptase como previsión para o mes actual o valor  $x_2$  (hm<sup>3</sup>), faise  $x_p = x_5$  e avánzase ao seguinte mes, que será agora o novo mes actual, e vólvese ao paso 2.º ata concluír todo o período de predición desexado.

Non se deberán considerar como admisibles previsións para períodos superiores a 6 meses e, se a situación no mes inicial é de nivel 3 ou 4, as previsións realizaranse como moito cada 3 meses.

| Mes actual         | b     | a2    | a5    |
|--------------------|-------|-------|-------|
| Outubro . . . . .  | 0,794 | 1,983 | 2,399 |
| Novembro . . . . . | 0,933 | 1,178 | 1,504 |
| Decembro . . . . . | 1,012 | 0,996 | 1,400 |
| Xaneiro . . . . .  | 0,971 | 0,825 | 1,301 |
| Febreiro . . . . . | 0,631 | 2,997 | 4,454 |
| Marzo . . . . .    | 0,638 | 3,410 | 4,832 |
| Abril . . . . .    | 0,629 | 3,933 | 5,319 |
| Maio . . . . .     | 0,718 | 2,416 | 3,257 |
| Xuño . . . . .     | 0,714 | 1,911 | 2,564 |
| Xullo . . . . .    | 0,562 | 3,379 | 4,242 |
| Agosto . . . . .   | 0,587 | 3,049 | 3,664 |
| Setembro . . . . . | 0,687 | 2,228 | 2,651 |

Táboa. Parámetros para a predición plurimensual

#### Artigo 3. *Valores mensuais dos consumos de referencia das augas transvasadas.*

1. Para o transvasamento polo acueduto Texo-Segura, de ata 650 hm<sup>3</sup>/ano en orixe, desde a demarcación do Texo ás demarcacións do Guadiana, Segura, bacías mediterráneas andaluzas e Xúcar, defínense os seguintes valores de consumos de referencia en destino de augas transvasadas por usos e zonas de rega, agrupados nas

unidades de demanda que catalogan os respectivos plans hidrolóxicos de bacía. Non poderán ser atendidos valores de demanda superiores aos previstos na disposición adicional primeira da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura, e no Real decreto lei 8/1995, do 4 de agosto, polo que se adoptan medidas urxentes de mellora do aproveitamento do transvasamento Texo-Segura, nin aplicar as augas transvasadas a outros destinos distintos dos sinalados na táboa. Os valores exprésanse en hm<sup>3</sup>:

| Unidade de demanda  | Out.   | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar.  | Abr.  | Maio  | Xuño  | Xul.  | Ago.  | Set.  |
|---|--|------|------|------|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Guadiana.   | 50 hm <sup>3</sup> /ano (de acordo co Real decreto lei 8/1995) |      |      |      |      |       |       |       |       |       |       |       |
| Abastecementos.   | 9,03   | 8,36 | 8,22 | 8,17 | 7,49 | 8,46  | 8,53  | 9,26  | 10,02 | 11,34 | 11,39 | 9,73  |
| Veiga alta e media do Segura.   | 3,85   | 2,28 | 1,54 | 2,09 | 3,31 | 4,51  | 5,62  | 7,36  | 8,49  | 9,41  | 8,87  | 7,67  |
| Regadíos de Mula e a súa comarca.   | 0,18   | 0,11 | 0,13 | 0,05 | 0,38 | 0,56  | 0,74  | 1,03  | 1,04  | 1,35  | 1,31  | 1,12  |
| Lorca e val do Guadalentín.   | 5,24   | 4,50 | 2,73 | 2,43 | 4,06 | 4,76  | 6,06  | 5,82  | 6,30  | 7,58  | 7,79  | 7,73  |
| Regas de Levante, marxe esquerda e dereita, veigas baixas do Segura e Salares de Alacant. | 8,76   | 5,97 | 3,68 | 4,43 | 7,49 | 10,09 | 8,59  | 11,22 | 13,92 | 16,38 | 18,86 | 15,61 |
| Campos de Cartagena.  | 10,33  | 7,50 | 4,42 | 5,95 | 8,50 | 9,44  | 10,09 | 11,61 | 12,41 | 14,10 | 13,96 | 13,69 |
| Val do Almanzora, en Almería.   | 1,02   | 1,36 | 0,74 | 0,52 | 0,92 | 1,09  | 1,16  | 1,62  | 1,60  | 1,64  | 1,66  | 1,67  |

2. Os valores mensuais para regadío establecidos na táboa anterior poderanse variar segundo as necesidades dos cultivos sen que no cómputo anual se admita ningunha desviación que supoña incremento sobre o volume máximo de transvasamento anual autorizado. A actualización destes valores, así como a fixación da porcentaxe de desviación que se pode asumir en cada caso, poderase levar a cabo sen alterar o volume total anual transvasable cando as variacións experimentadas polas asignacións de recursos recollidas no plan hidrolóxico de bacía así o aconsellen.

3. Se durante o transporte de augas transvasadas se producen menores perdas das consideradas para calcular as cifras ofrecidas na táboa do número 1, atenderase ao disposto no último parágrafo da disposición adicional primeira da Lei 52/1980, antes citada.

#### Artigo 4. *Desencoros de referencia.*

1. Os desencoros que se efectúen desde a presa de Bolarque cara á bacía do Texo para a adecuada satisfacción das necesidades ambientais e socioeconómicas da bacía cedente non superarán en máis dun 25%, durante a súa operación normal, os valores mensuais indicados na seguinte táboa, sen que no cómputo anual se admita ningunha desviación que supoña incremento sobre o volume máximo de desencoro anual. O cálculo farase sen computar o caudal que, de forma inevitable, se verta por aliviadoiros.

|                    | Out. | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar. | Abr. | Maio | Xuño | Xul. | Ago. | Set. |
|--------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| hm <sup>3</sup> .  | 25   | 18   | 19   | 19   | 18   | 23   | 23   | 31   | 42   | 60   | 51   | 36   |
| m <sup>3</sup> /s. | 9,3  | 6,9  | 7,1  | 7,1  | 7,4  | 8,6  | 8,9  | 11,6 | 16,2 | 22,4 | 19,0 | 13,9 |

2. Os desencoros indicados poderanse superar, coa debida xustificación, cando por razóns de seguridade ou mal funcionamento das infraestruturas, por laminación de enchentes, ou por requirimentos ambientais ou sanitarios non previstos nin incorporados na programación anual detallada na táboa, así se requira. A citada xustificación documental será dirixida pola Confederación Hidrográfica do Texo á Dirección Xeral da Auga nun prazo non superior a tres meses desde que se produza a incidencia.

3. Estes desencoros poderanse incrementar ata en 2 m<sup>3</sup>/s adicionais cando a toma da presa de Valdajos, para abastecemento do sistema atendido polo Canal de Isabel II, así o requira. Estes caudais adicionais non computarán para os efectos do cálculo anual

establecido no número 1. A serie mensual de captacións desta toma incluírase entre as series de referencia que se incorporarán nos informes descritos no artigo seguinte.

Artigo 5. *Informes de seguimento.*

1. Os datos relativos a consumos e desencoros realmente producidos publicáranos o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para todos os elementos para os cales se definiron condicións de referencia.

2. O intervalo temporal adoptado en todos os casos será o mes e as series mensuais históricas reais e de referencia publicáranse desde a data de inicio da operación da transferencia ata o final do último ano hidrolóxico completo transcorrido.

3. A actualización das series producirase cada ano durante o mes de outubro, e ás series engadirase a información correspondente ao ano hidrolóxico recentemente concluído.

4. Os datos presentáranse na páxina web de forma gráfica e numérica, o que permitirá a posibilidade de descargas completas das series mensuais, e incluírase unha ficha descritiva de cada transferencia en que se insira, polo menos, unha breve descrición dela, a súa regulación legal, o seu órgano xestor e cantos comentarios se coiden procedentes para o seu mellor coñecemento.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación do disposto neste real decreto non implicará incremento do gasto público. As funcións e os gastos que se orixinen serán asumidos pola reasignación dos recursos humanos e medios materiais destinados ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e aos seus organismos dependentes.

Disposición adicional segunda. *Respecto á distribución de recursos establecida no Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Texo, aprobado mediante o Real decreto 270/2014, do 11 de abril.*

As disposicións contidas neste real decreto non poderán afectar as asignacións, reservas, caudais ecolóxicos e mínimos previstos no Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Texo, aprobado mediante o Real decreto 270/2014, do 11 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da planificación hidrolóxica.*

Modifícase o número 1 do artigo 69 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Na redacción do Plan hidrolóxico nacional incluíranse e especificáranse as transferencias de recursos entre distintas demarcacións hidrográficas, e estableceranse as condicións a que se deben axustar.

Para cada unha das transferencias previstas establecerase o volume anual, así como os condicionantes que poidan temporalmente modificar ese volume.

Así mesmo, no Plan hidrolóxico nacional incorporárase un catálogo dos transvasamentos existentes en España. Ese catálogo, que polo menos se estenderá a todos aqueles que non poidan ser considerados de pequena contía, especificará as características funcionais de cada un deles e a norma xurídica que os habilita.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma. Porén, a disposición derradeira primeira ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de outubro de 2014.

Dado en Madrid o 12 de setembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA